



OURENSE, SEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTECATRO

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 41-2024 / TEMPADA 2023-24

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA 2ª DIVISIÓN

Equipos participantes: C.W. RÍAS ALTAS B - CW SANTIAGO B

Día, hora e lugar: 26-5-24 - 19:15 - CDM SAN DIEGO

FEITOS

ÚNICO: O día 28/5/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"En el minuto 3:18 del cuarto período se muestra tarjeta amarilla al entrenador visitante X. Pérez Carpio, con N° de licencia 1006265 por protestar las decisiones arbitrales. Acabado el partido acude a la mesa a disculparse con los árbitros."

FEITO SEGUNDO: O día 31 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles.

FEITO TERCEIRO: A data da presente, non se realizou ningunha alegación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento non se fixeron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos son constitutivos dunha infracción leves do art.7.2 epígrafe "A": *A lixeira incorrección no comportamento en probas ou período de concentración dos equipos galegos.*

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8, son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leves aparecen reguladas no art. 9.1

RESOLUCIÓN

Impor ó ao adestrador visitante X. Pérez Carpio, con N° de licenza 1006265 con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos:

UNHA SANCIÓN LEVE, computada no seu **grado mínimo** consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN ENCONTRO DE CALQUERA CATEGORÍA.**

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN

Firmado dixitalmente

José A.